

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO
DESEÑO, PRODUCIÓN, MONTAXE E REALIZACIÓN DOS ESPECTÁCULOS
NOCTURNOS (24 E 31 DE XULLO) DAS FESTAS DO APÓSTOLO 2016 DA
CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

PREGO APROBADO POR ACORDO
DA XUNTA DE GOBIERNO DE DATA

03 XUÑ. 2016

SECCIÓN DE CONTRATACIÓN

1.- INTRODUCIÓN

O prego de prescripcións técnicas reúne tódalas normas para a realización do obxecto do presente contrato. As presentes condicións serán de obrigado cumprimento polo adxudicatario, que deberá facer constar que as coñece e que se compromete a executalas.

2.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a realización dos espectáculos tradicionais nocturnos das Festas do Apóstolo 2016 a realizar o día 24 de xullo na Praza o Obradoiro e o seu entorno, e o día 31 no Campus Sur. Así mesmo, correrá por conta da empresa adxudicataria a impresión e distribución de 1.000 folletos informativos co guión e a explicación do espectáculo, de deberán ser, en todo caso, aprobados previamente en canto ao seu texto e formato pola concellaría de Acción Cultural do Concello, servizo de Festas.

3.- CARACTERÍSTICAS DOS ESPECTÁCULOS

Día 24 de xullo

O espectáculo desenvolverase na Praza do Obradoiro e terá unha duración mínima total de 30 minutos. Comezará ás 23.30 h. Este ano as empresas han de ter moi en conta a situación excepcional na que se atopa a fachada da catedral que da á Praza do Obradoiro, polo que se prescindirá, na medida do posible de utilizar este monumento. Concédese unha maior liberdade creativa ás empresas para que propoñan o espectáculo a nivel multimedia e pirotécnico, sendo necesaria a utilización doutras superficies para a proxección, como as fachadas do pazo de San Xerome, o Pazo de Raxoi e o Hostal dos Reis Católicos.

Día 31 de xullo

Queima do castelo de fogos de artificio na escalinata do Campus Sur. A montaxe do día 31 na escalinata do Campus deberá incluir un tempo mínimo de castelos de fogos de artificio de 15 minutos e dará comezo ás 23.30 h.

As horas de inicio dos espectáculos, en calquera dos días da súa realización, poderán sufrir lixeiras modificacións en función dos outros espectáculos que poidan celebrarse na Praza do Obradoiro ou na Praza da Quintana.

4.- CONDICIONS DE DESEÑO XERAL

a) Instalación para os espectáculos do día 24.

1.- Non se emprazará ningún elemento ou dispositivo pirotécnico que poida xerar fume ou calor no interior das torres nin de calquera outro espazo cuberto da fachada ou do conxunto catedralicio.

2.- Non se atará nin se suxeitará ningún efecto ou compoñente da instalación á fábrica nin aos elementos da fachada da Catedral, incluíndo nestes os pináculos, as varandas metálicas ou de pedra, as reixas, as proteccións ou calquera tipo de elemento de carpintería.

Excepcionalmente, e cando por motivos de seguridade cara o monumento ou as persoas sexa imprescindible suxeitar algúun compoñente nas fábricas, esta suxeición farase exclusivamente empregando bridás de plástico, abrazadeiras ou sarkentos metálicos intercalando, neste caso, pezas de madeira ou forros de neopreno na totalidade da superficie en contacto coa pedra; neste caso deberá comprobarse a firmeza e estabilidade resultante polo responsable técnico da empresa instaladora; en ningún caso se utilizarán arames, chapas ou outros elementos metálicos. Todos estes elementos de suxeición deberán ser retirados na desmontaxe da instalación.

Nesta cuestión, porase especial coidado coa reixa metálica das escaleiras da fachada do Obradoiro, debendo evitarse calquera suxeición ou apoio nas reixas que poda erosionar ou danar a protección deste enreixado.

4.- No caso dos conxuntos de elementos emprazados nos balcóns das torres, protexeranse as varandas e os paramentos verticais das torres na área próxima ao dispositivo de disparo se o houbera. Esta protección tamén será necesaria en calquera outra localización na que os dispositivos se aproximen aos muros ou a calquera outro elemento vertical.

Estas mesmas cautelas deberán terse en conta se os edificios utilizados para a realización do espectáculo son o Pazo de Raxoi, o Pazo de San Xerome ou o Hostal dos Reis Católicos.

b) Condicóns de execución da montaxe e desmontaxe da instalación

1.- Terase especial coidado e atención nos traballos de montaxe e desmontaxe da instalación coa finalidade de evitar calquera tipo de dano ou alteración dos elementos decorativos ou funcionais das fachadas ou cubertas dos edificios que conforman a Praza do Obradoiro, no caso de seren utilizados. Esta precaución tamén alcanzará, aparte da situación e localización de tódolos elementos, á circulación e movemento do persoal, ferramentas e equipos auxiliares sobre os monumentos.

2.- Unha vez rematado o espectáculo retiraranse absolutamente todos os equipos, elementos, materiais e obxectos relacionados coa instalación deseñada e cos traballos de montaxe e desmontaxe.

- 3.- Calquera tipo de danos que puideran sufrir os elementos pertencentes a calquera dos monumentos deberán ser reparados a costa da empresa encargada do espectáculo pirotécnico. O procedemento, a metodoloxía, o alcance e as técnicas a levar a cabo nas reparacións virán determinadas pola Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia.
- 4.- Tódolos elementos a desmontar na Praza do Obradoiro han de ser retirados antes das 7.00 h. do día 25 de xullo.
- 5.- A empresa adxudicataria comprometese a limpar e acondicionar antes do seu uso e despois a retirar e gardar tódolos elementos da fachada e estacada neogóticas, en caso de ser utilizadas, nos almacéns designados polo Concello de Santiago.

c) Condicións de montaxe e desmontaxe do castelo de fogos do día 31 de xullo

A zona de disparo do castelo de fogos estará situada no Campus Sur, na plataforma que se asoma á Avenida da Coruña.

Non terá máis condicións que as derivadas da propia seguridade durante a instalación e o disparo do castelo de fogos.

d) Condicións complementarias

1.- Na proposta das empresas concursantes deberanse incluír: Plan de seguridade e Plan de emerxencia; así como o resto dos requisitos a que fai mención o Anexo 11 da ITC 8 aprobada por Real Decreto 1335/2012, do 21 de setembro, relativos á empresa de expertos que levará a cabo o espectáculo. Cumpriranse os requisitos contidos no artigo 4 da ITC 8 para a realización do espectáculo, do seu cumprimento será responsable a empresa adxudicataria nos termos previstos na citada norma. Sen prexuízo das responsabilidades que en materia de seguridade laboral a Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais asigna ao empresario, a empresa deberá nomear a unha persoa que deberá velar pola seguridade dos espectáculos segundo as atribucións establecidas na ITC. Así mesmo, cumpriranse tamén tódalas prescripcións legais contidas no artigo 7 da ITC respecto da montaxe dos espectáculos e dos disparos contido no artículo da mesma instrucción. Unha vez realizados os espectáculos a empresa de expertos, de conformidade co disposto no artigo 10 da ITC levará a cabo a recollida do material propio pirotécnico e os restos que podan supoñer un risco, segundo as condicións contempladas nesta disposición.

2.- Farase a edición de un folleto (1.000 copias) no que se explique o programa/guión do espectáculo do 24 de xullo, como mínimo en galego e nos que se incluirán os logotipos do Concello de Santiago de Compostela e do Consorcio . En ningún caso se proxectarán en ningunha fachada os créditos dos autores dos espectáculos.

3.- Deberase aportar unha memoria de execución do espectáculo de cada un dos días detallando o horario ou "cronograma" das actividades a realizar e especificando os días/noites que será necesaria a apertura do Pazo de Raxoi.

4.- Deberá garantirse a limpeza de tódolos espazos en cada un dos edificios que fosen utilizados como soporte dos elementos, mecanismos, etc...de montaxe do espectáculo.

- 5.- Deberá garantirse a limpeza da horta de San Martiño Pinario e o seu entorno de tódolos restos xerados pola montaxe e disparo dos artificios. Esta mesma limpeza deberá estar asegurada para as cubertas deste edificio.
- 6.- Deberase garantir a vixilancia e control de acceso das persoas a tódolos espazos da horta de San Martiño Pinario.

5.- PROPOSTAS

A empresa adxudicataria asumirá a producción e execución dos espectáculos, extremos que deben acreditar mediante a presentación dos seguintes elementos:

5.1 Idea.

a.- *Proposta creativa e guión do espectáculo para o día 24 de xullo*

Que se desenvolverá na oferta mediante un guión con expresión libre. A proposta creativa axustarase a un fío argumental que deberá desenvolver contidos concretos e relativos á idea de facer protagonista á xente da cidade, as festas e o movemento cultural sen esquecer a propia historia:

- Protagonistas da vida cultural da cidade: autores, escritores e escritoras, pintores e pintoras, asociacións, músicos, bandas, artistas en xeral que dalgún xeito configuran o contido da cidade a nivel cultural potenciando a identidade contemporánea da cidade de Santiago.
- Iconografía propia das festas do Apóstolo: Cabezudos, Xigantes, baile tradicional, banda de música, Filharmonía de Galicia, ...
- Espazos emblemáticos da cidade e percorridos polas rúas e prazas.

A locución deberá de ser en galego.

Tamén se terán en conta os seguintes aspectos:

- Adecuación ao tipo ou grado da actitude receptiva que se supón no espectador.
- Adecuación entre a banda sonora e os tempos, ritmos e puntos álxidos do espectáculo. Coordinación coa parte que conteña os fogos de artificio.
- Duración dos espectáculos, que pode ser distinta cada día, e que será un dos aspectos que primará na puntuación.

5.2 Adecuación ó ámbito

Valorarase que no deseño do espectáculo, dun xeito xenérico, se teña en conta o entorno que serve de soporte ao desenvolvemento do espectáculo e demostre sensibilidade e respecto con el.

Na proposta relativa á noite do 24 de xullo valorarase o equilibrio entre a parte multimedia e a parte pirotécnica, xa que nos últimos anos esta última foi perdendo peso e realmente é a parte do espectáculo que mellor se visualiza dende outras zonas da cidade, e pode ser vista por máis xente.

Neste sentido valorarase o seguinte:

- A determinación do uso de medidas correctoras que minimicen o impacto visual que producen na Praza do Obradoiro os equipos técnicos

- de proxección, iluminación, luz e son e os equipos e maquinaria auxiliar que poda ser necesaria para a montaxe e realización dos espectáculos.
- Determinación das características dos elementos de valado, estadas e delimitación das áreas de traballo e das zonas de público ou corredores de circulación, que ademais de cumplir axeitadamente a súa función teñan unhas características estéticas acordes co entorno.

5.3 Medios técnicos

A memoria na que se detallen os medios e aspectos técnicos do espectáculo deberá definir de xeito claro, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Descripción do equipamento técnico: equipos de proxección, iluminación, son e demais infraestruturas técnicas; a súa situación na Praza e/ou nos edificios que lles sirvan de apoio. Detalle dos elementos a utilizar e o papel que desempeñan na representación.
- Descripción dos elementos necesarios para a representación, detallando, se as houbese, o número, clase (tamaño, peso, tipo de pólvora) e situación das cargas pirotécnicas e planos nos que se indique de forma precisa a súa colocación.
- Memoria de execución detallando o “*timing*” das actividades a realizar e especificando os días/noites de montaxe que será necesaria a apertura do Pazo de Raxoi.
- Descripción dos artefactos pirotécnicos utilizados no castelo a disparar no Campus Sur o día 31 de xullo, detallando número, clase, pesos, etc.

5.4 Equipo

Valorarase a cualificación técnica do equipo humano que lleve a cabo o proxecto e a súa capacitación para a montaxe de un espectáculo destas características.

Detalle do persoal de técnicos a utilizar. Presentación dun esquema da colocación dos mesmos.

5.5 Melloras

Valorarase especialmente como mellora a repetición da parte multimedia do espectáculo do 24 de xullo nos días seguintes.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2016


O arquitecto municipal

Javier García Castelo

